

¿QUE É A DEVOLUCIÓN DE COTAS?

É o procedemento a través do cal a Tesourería Xeral da Seguridade Social devolve o indebidamente ingresado polos suxeitos obrigados a cotizar á Seguridade Social (empresas, traballadores autónomos, traballadores agrarios, empregados de fogar, etc.).

¿QUEN PODE SOLICITA-LA DEVOLUCIÓN?

A empresa ou a persoa que **por erro** de feito ou de dereito efectuase o ingreso das cotizacións por unha cantidade superior á que lle corresponde.

Se o responsable do pagamento é un empresario, deberá formula-la solicitude en nome propio e no dos traballadores afectados. Os traballadores poderán solicitalo no caso de que o empresario se negase a facelo ou desaparecese.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social devolverá **de oficio** o ingreso indebido, cando detecte o carácter improcedente do ingreso ou cando tal dereito veña recoñecido por resolución administrativa ou xudicial.



¿EN QUE CASOS PROCEDE SOLICITA-LA DEVOLUCIÓN?

- 1** Nos casos de duplicidade no pagamento dunha mesma débeda.
- 2** Polo pagamento dunha cantidade superior á debida.
- 3** Polo ingreso dunha débeda xa prescrita.
- 4** Por calquera erro material ou aritmético cometido nas liquidacións ou en calquera acto de xestión recadatoria.

¿QUE PRAZO HAI PARA PRESENTA-LA SOLICITUDE?

O dereito á devolución de cotas caducará ós **4 anos** contados desde o día seguinte ó do ingreso.

¿ONDE DEBE PRESENTARSE A SOLICITUDE?

A solicitude debe presentarse na **Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social** máis próxima ó seu domicilio.



¿COMO FORMULA-LA SOLICITUDE?

É moi conveniente que a solicitude de devolución de ingresos indebidos se realice utilizando o modelo oficial dispoñible en calquera Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A solicitude deberá conte-los seguintes datos:

- 1** Nome e código de conta de cotización da empresa ou nome e apelidos e número da seguridade social do traballador.
- 2** Enderezo completo.
- 3** Feitos e petición na que se concrete claramente o solicitado.
- 4** Modalidade elixida para a devolución: transferencia* ou cheque nominativo. *No primeiro caso deberá indicarse o número de conta e a entidade financeira.*
- 5** Lugar, data e sinatura do solicitante.

* *Recoméndase a transferencia para evitar problemas de caducidade ou extravío do cheque.*

¿QUE DOCUMENTACIÓN HA DE ACHEGARSE A SOLICITUDE?

O interesado deberá achegar á solicitude os documentos que demostren o dereito á devolución e a realización do ingreso indebido, así como cantos elementos de proba considere oportunos.



¿CANDO SE DEVOLVERÁN AS COTAS?

Unha vez comprobada a documentación resolverase o expediente pagándolle ó interesado, se procede, a contía que corresponda e utilizando o medio elixido por este (transferencia ou cheque).

O importe do ingreso indevido na Seguridade Social, calquera que sexa a súa causa, non poderá ser compensado nin deducido nas liquidacións de cotas que deba efectua-la empresa ou persoa obrigada.

¿QUE OCORRE CANDO O INTERESADO TEN DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL?

Se o titular do dereito á devolución fora debedor da Seguridade Social, a cantidade que constituía a devandita débeda compensarase ou deducirase do importe da devolución.

Así mesmo, cando o interesado tivera concedido un aprazamento de cotas, a cantidade para devolver aplicarase ó pagamento dos prazos pendentes de ingreso.

**O CONTIDO DESTE FOLLETO
INFORMATIVO
TEN CARÁCTER ORIENTATIVO E NON
VINCULANTE**



**PARA UNHA INFORMACIÓN MÁIS
DETALLADA ACUDA Á DIRECCIÓN
PROVINCIAL DA TESOURERÍA XERAL
OU Á ADMINISTRACIÓN DA
SEGURIDADE SOCIAL MÁIS PRÓXIMA
Ó SEU DOMICILIO OU UTILICE O
SERVICIO DE XESTIÓN E ATENCIÓN
TELEFÓNICA Ó CIDADÁN**



DEVOLUCIÓN DE COTAS



**Folleto Informativo
Este folleto está editado
tamén en castelán**

O propósito deste folleto informativo é proporcionarlle ó interesado información facilmente comprensible sobre os aspectos máis relevantes da materia tratada nel. Sen embargo, deberá terse en conta que o seu contido só dá unha visión xeral de conxunto. Non é exhaustivo e non pode ser considerado como unha declaración vinculante sobre algún caso concreto.